

CAPÍTULO I

Os primeiros anos

- Ola rapaces! Chámome Vincent van Gogh e neste libro vouvos contar o máis sinalado da miña vida. Heivos ensinar algúns dos cadros que pintei e contareivos como me sentía ao pintalos.
- Sabiades que cheguei a pintar 900 cadros?
- Queredes saber en canto tempo? Así comeza a historia da miña vida...



DESCUBRINDO A VAN GOGH




-Nacín nunha cidade de Holanda chamada Zundert, o 30 de marzo de 1853. Os meus pais, Theodorus e Anna Cornelia tiveron outros cinco fillos. Eu son o maior de todos e Theo, o meu irmán menos, é o meu preferido, lévome de medo con el!

-A miña pinta é un tanto singular: os meus ollos son moi grandes e o meu cabelo rubio e irto. Amais a miña cara, pencada, brilla sen igual cando me entusiasmo, cousa que sucede a miúdo. ¡Gústame, encántame ser así!



DESCUBRINDO A VAN GOGH



DESCUBRINDO A VAN GOGH



Aínda que a Vincent non lle presta moito ir á escola, dánselle moi ben os idiomas. Estuda sobre todo francés e alemán. Pero aos 15 anos decide deixar os estudos e comezar a estudar pola súa conta.

Con só 16 anos, Vincent comeza a traballar como aprendiz nunha galería de arte, un lugar onde se compran e se venden cadros e outros obxectos de arte.

Catro anos despois é trasladado, primeiro a Londres e logo a París. Durante eses anos, a súa afección pola pintura é tal, que se enchoupa de todos os

DESCUBRINDO A VAN GOGH



coñecementos posibles sobre ela. Así é como, aos poucos, comeza a plasmar a súa aprendizaxe nas súas diferentes obras. Pero... ao cabo duns anos, o traballo comézalle a resultar aburrido e monótono, e nunha das moitas cartas que escribe ao seu irmán Theo di:

*"Querido Theo,
despedíronme da galería de
arte. Xa non teño que seguir
traballando con eles."*




DESCUBRINDO A VAN GOGH



En realidade, non sabemos se o despediron ou se foi el mesmo, o que provocou algunha situación incómoda para que o botaran. Sexa como for, Theo, que traballa na

mesma galería de arte pero na súa oficina de Holanda, lamenta a noticia e se entristece pola situación do seu irmán.



Con 23 anos, Vincent retorna a Inglaterra onde comeza a ler a Biblia. Comeza a se apaixonar tanto pola súa lectura que medra nel un forte sentimento relixioso. A súa paixón é tal que se fai predicador.